

Desde os movementos de renovación pedagóxica vimos defendendo o modelo de escola pública, como o servicio fundamental de educación que os poderes públicos estruturan e administran para garanti-lo dereito de tódolos cidadáns a recibir unha educación de calidade, para permitir e posibilita-lo seu óptimo desenvolvemento integral no marco dos seus contextos específicos.

Os movementos de renovación pedagóxica, como Nova Escola Galega, estamos moi preocupados pola actual situación do ensino público. O abandono dos centros, a falta de previsións sobre a reestructuración da rede escolar de cara á implantación da reforma, o recorte nos presupostos para gastos de funcionamento son parte desa preocupación.

## Reforma da Administración educativa

Os movementos de renovación pedagóxica pensamos que é imprescindible acomete-la reforma da administración educativa galega, en base ós criterios de descentralización e zonificación educativa.

Este novo modelo administrativo, que debe contemplar como unidade administrativa de xestión básica a comarca, debe coordinar tódolos servicios de apoio á escola: os centros de formación continuada do profesorado, os centros de recursos, os equipos psicopedagóxicos, dinamización educativa, servicio de mantemento de centros e unidade de xestión.

O novo modelo administrativo, require a definición, incremento e racionalización das competencias municipais en materia educativa e o reordenamento dos servicios centrais de Consellería, de Educación da Xunta de Galicia en base a súa departamentalización funcional, dando o pertinente realce as tarefas de reforma educativa.

## Apoia-la innovación educativa

A mellora da escola pública pasa polo apoio á innovación e renovación educativa.

Este apoio da innovación educativa ten que pasar inexcusablemente pola:

—Creación de servicios comarcais de dinamización educativa, en colaboración cos concellos, que desenvolvan programas de innovación nos campos da expresión dramática, música, educación física, sanitaria, para o consumo, coñecemento do entorno.

—Polo desenvolvemento de programas de integración do alumnado con necesidades educativas especiais. Pola posta en práctica de actuacións da Administración para a eliminación de elementos sexistas e discriminatorios nos contidos dos materiais didácticos.

—Polas axudas de innovación educativa presentados por equipos docentes.

## Auna-los nosos esforzos

Os sindicatos do profesorado, os movementos de renovación pedagóxica, as asociacións estudiantís, as asociacións e federacións de Padres de Alumnos debemos auna-los nosos esforzos para que estas condicións, ás que habería que engadi-las relacionadas coa dignificación da función docente, podan ser desenvolvidas.

Estamos nunha encrucillada decisiva, na que non debemos quedar parados.

M.B.R.

# Para mellora-la escola pública galega

□ MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ (\*)

As preocupacións estendense tamén o "desinterese" da Consellería de Educación pola escolarización dos nenos e nenas de tres anos, os problemas de participación e xestión dos centros públicos, as sancións disciplinarias ó profesorado —como as recentes do centro Manuel Antonio de Vigo—, a ralentización do proceso de normalización lingüística..., deseñan un escuro panorama para o futuro da escola pública galega.

Os membros dos movementos de renovación pedagóxica non queremos que a escola pública quede reducida a unha rede subsidiaria de escolarización, fronte ós cada día maiores privilexios do ensino privado. A comunidade educativa (o profesorado —singularmente, os seus sindicatos e movementos de renovación pedagóxica—, os pais e nais —singularmente, as asociacións e federacións de pais—, o alumnado —singularmente, as asociacións estudiantís—, e outros colectivos sociais deben auna-los seus esforzos, na dirección de aseguralas condicións de mellora do funcionamento deste servicio público.

Este esforzo debe dirixirse fundamentalmente a mellora-las condicións nas que actualmente se desenvolve este servicio: actuacións sobre as infraestructuras e os medios; ampliación da oferta educativa pública; reforma da administración educativa; dignificación da función docente; apoio á renovación e innovación educativa; promoción da normalización lingüística; fomento da participación da comunidade educativa e mellora dos servicios complementarios que ofrece a escola pública.

A actual situación de deterioro da infraestructura escolar da nosa rede escolar foi valorada, polo



Según os MRP debe ampliarse a oferta da educación infantil de 0 a 4 anos.

anterior conselleiro de Educación, en vinteseis millóns de pesetas.

### Plan plurianual

Urxe elavora-lo "Mapa de Infraestructura Escolar de Galicia" que dea lugar a un plan plurianual de reforma e mellora dos colexios públicos, seguindo criterios de racionalidade e prioridade.

E precisa unha política decidida de inversións no sector público dirixida á eliminación dos déficits funcionais dos colexios públi-

cos (¿cantos carecen, aínda, de laboratorios, bibliotecas, ximnasia, patios cubertos...?). E preciso acometer un programa de renovación do mobiliario escolar, a racionalización e aumento das dotacións de material didáctico, garantindo un mínimo por centro (para educación infantil, laboratorios, audiovisuais, informática, área tecnolóxica...). É necesaria unha adecuación de tódolos centros escolares á normativa sobre seguridade, sinalización e hixiene.


Os sectores que defendémo-la escola pública de seguir pulando

pola construción dunha única rede escolar. Neste camiño debe permitirse a integración dos centros privados, con vontade de ser públicos, na rede escolar pública.

Debe acometerse un plan sistemático de ampliación da oferta de educación infantil de 0 a 4 anos, contemplando a adecuación das instalacións, a dotación dos recursos das novas aulas e o desenvolvemento curricular deste período, facendo efectiva deste xeito, o establecido na LOXSE.

(\*) Membro de N.E.G.

PELOURIÑA



## Administración Local

**Funcións:** –Favorecer e potenciar o uso da lingua galega.

–Subvencionar a publicidade en lingua galega (rótulos, prensa, vallas...).

–Subvencionar actos e actividades culturais en galego.

–Contratar animadores socioculturais que potencien a realización de actividades culturais en galego.

–Campañas de sensibilización a prol da normalización lingüística entre o seu funcionariado.

–Garantir a capacitación lingüística do funcionariado.

–Normalización lingüística da toponimia.

–Normalización lingüística da documentación empregada.

–Contratar persoal que dinamice o proceso normalizador.

–Potenciar o uso do galego na comunidade escolar a través da/do representante do concello nos consellos escolares dos centros do seu ámbito.

–Creación do Consello Escolar Municipal que potencie, como obxectivo prioritario, a normalización lingüística.

–Priorizar ou potenciar os fondos bibliográficos en lingua galega nas bibliotecas públicas ou subvencionadas total ou parcialmente con fondos públicos.

–Potenciación do uso do galego nos medios de comunicación de masas (emisoras de radio municipais, tv municipal, re-



Una das funcións é fomentar os libros en lingua galega.

vistas...).

–Coordenación coas diversas concellerías na realización de campañas de divulgación sanitaria, consumo, etc., en lingua galega.

–Creación dun Departamento de Educación que, entre ou-

tras funcións, preste o seu apoio ós Plans Normalizadores de Centro a nivel de medios (locais, subvencións, publicacións, asesoramento...).

–As Deputacións tamén organizarían plans de actuación, coordinarían o labor dos concellos.

## Bibliografía

A modo orientativo, aparece aquí unha relación de libros e materiais que consideramos deben formar a dotación inicial da Biblioteca de Consulta dun Equipo de Normalización Lingüística de centro.

### 1.- Lexislación

–Varios. "Lexislación actualizada sobre a lingua galega". Xunta de Galicia. Santiago 1989.

–A Constitución Española de 1978.

–O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Textos íntegros de todas as disposicións relacionadas coa lingua galega.

### 2.- Ciencias da educación

#### 2.1. Psicoloxía.

–Coll Salvador, C. "Psicología y currículo". Laia. Barna. 1987.

–Vigotski, L.S. "Hía. del desarrollo de las funciones psíquicas superiores". Científico-técnica. La Habana 1987.

–Vigotski, L.S. "Pensamiento y lenguaje". La Pléyade. B. Aires, 1985.

#### 2.2. Pedagogía.

–Varios: "Reforma y currículo". Cuader. de Pedagogía n.º 168.

–Varios: "Lengua y literatura". Cuadernos de Pedagogía n.º 181.

–Varios: "Construir los aprendizajes. Reforma, currículo y constructivismo". Cuadernos de Pedagogía n.º 188.

#### 2.3. Didáctica.

–Varios: "Marco curricular. Reforma educativa de Galicia". Xunta de Galicia. Santiago 1989.

–Varios: "Expresión oral". Biblioteca de Recursos Didácticos Alhambra. Madrid 1987.

–Espino M.; Sánchez, H. "Aprender palabras e significados". Vía Láctea. A Coruña 1990.

–Ogando, V.; González, A. "Ejercicios de Lengua". Vía Láctea. A Coruña 1987.

–Varios: "Actividades de Léxico". Bahía Ed. A Coruña 1990.

Todos os manuais e materiais que sobre lingua galega vaian aparecendo.

# O Colectivo Fírgula redacta de base para os equipos

□ Nova Escola Galega organizou en Santiago as "III


Como consecuencia das "III Xornadas de Normalización Lingüística no Ensino" organizadas por Nova Escola Galega en Santiago o 19 de xaneiro de 1991, nas que o tema a debate era "Os equipos de normalización do centro", xurdiu un equipo plural (Colectivo Fírgula) que se encargou de redactar un novo documento de consenso que sirva de base tanto ós equipos de normalización de centro no seu labor ós colectivos implicados na normalización lingüística do país evitando así un retroceso no proceso normalizador.

**Introducción:** A análise da actuación da Administración en prol da Normalización Lingüística así como a situación da normalización lingüística a nivel xeral pode resumirse en:

- Actualmente apréciase un retroceso normalizador por parte da Admón. que é incapaz de facer cumprir a súa propia lexislación o respecto.
- A Administración non debe actuar únicamente no ensino senón que debe existir unha acción normalizadora sobre o conxunto da sociedade. O ensino non é unha illa na sociedade.
- Necesidade de realizar campañas de sensibilización da comunidade educativa (dirixidas especificamente ós diversos sectores: nais/pais, profesorado, alumnado, inspección, etc...).

### Plan Normalizador

- A Administración debe asumir un Plan Normalizador Xeral e un Plan Normalizador do Ensino que sirvan de marco ó seu labor normalizador.
- O "Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino" xurrido das II Xornadas de Normalización organizadas por Nova Escola Galega e asumido por 19 organizacións serve de marco referencial a este Documento-Base sobre Equipos de Normalización por consideralo o máis axeitado á realidade galega. Hai que instar á



E preciso potenciar a realización de libros de texto en

Administración a que o asuma.

• A Administración debe asumir as súas funcións normalizadoras. O proceso normalizador non pode estar supeditado á existencia de "voluntarismo".

• Actualmente a Administración non aporta todos os medios legais, humanos e materiais necesarios para a normalización lingüística do país.

• Apréciase unha falla de formación do profesorado polo que sería preciso que os cursos de galego se adecuasen ós diversos niveis de ensino evitando un exceso de gramaticalismo e fomentando unha mellora nos aspectos didácticos así como garantir que todo o profesorado do país realice estes cursos.

**Está formado por dúas instancias: social e técnica**

**Equipo normalizador nacional.** Este equipo está formado por dúas instancias (de representación social e técnica). O equipo técnico sería interdisciplinar en canto á formación dos seus membros para facilitar o seu labor asesor.

O seu nomeamento, por concurso público, sería por dous anos. Tamén se garantiría, cando menos, a existencia de representantes dos MRPs, dos sindicatos e das Administracións que cooperarían no seguimento do seu labor normalizador aportando as experiencias e inxerencias dos colectivos ós que representan.

Algunhas das súas funcións serían:

- Asumir o Plan Normalizador Potenciado.
- Elaborar modelos de materiais (enquisas, tests indirectos...).
- Difundir materiais e modelos de materiais entre os equipos de normalización de centro.
- Diagnose da situación sociolingüística.
- Dar pautas de actuación ós equipos de centro e bisbarra.

### Asesorar


- Asesorar tecnicamente ós equipos de normalización.
- Coordenar o labor dos equipos de centro entre si e coas diversas administracións.
- Elaborar diversas alternativas ou modelos de plans de normalización de centro que sirvan de orientación ós equipos de centro.

## Os equipos tipos

## JUSTICIA NO ENSINO

# Actou un novo documento dos de normalización

"III Xornadas de Normalización Lingüística no Ensino"



en lingua galega mediante subvencións.

- Necesidade dunha motivación positiva do profesorado.
- Existe confusiónismo en torno ó concepto de "Normalización Lingüística". Algúns sectores non normalizados identificaron coa "Clase de galego". Recordar que a "Normalización Lingüística" non é dar clases de galego senón conseguir que a lingua galega sexa a lingua de uso habitual en todos os lugares do país e en todas as situacións.
- Posibilidade de utilizar a inmersión inicial nas zonas máis castellanizadas precedida e acompañada dunha forte campaña de concienciación normalizadora na sociedade e na comunidade educativa.
- Non existe, en galego, unha

oferta variada e suficiente de materia de apoio e libros de texto das diversas áreas e niveis. A administración debería promover e subvencionar eses materiais, por exemplo, loberando equipos de profesoras/es para a súa elaboración pois, favorecería indirectamente, a normalización lingüística.

- Na orde de creación dos equipos de normalización lingüística no ensino non universitario apréciase o confusiónismo en canto ás funcións dos equipos, facendo recaer nos mesmos competencias da propia Administración polo cal é preciso clarificalas e diferencialas.
- A Administración autonómica. Función:

—A Administración debe elaborar e asumir un Plan Normalizador Xeral e un Plan Normalizador do Ensino.

—A Admón. debe aportar os medios legais, humanos e materiais para a posta en práctica do Plan Normalizador Xeral e o Plan Normalizador do Ensino e garantir a súa continuidade.

Algúns das funcións concretas referidas ó apartado anterior serían:

—Creación dun Equipo Normalizador a nivel nacional encargado de potenciar o labor normalizador no ensino conforme ó Plan de Normalización.

### Dotación orzamentaria

—Dotación orzamentaria dos Equipos de Normalización de centro.

—Suministrar ós centros ER-PAS, RAE, Boletíns de notas, etc., xa normalizados ou un orzamento especial que permita ós centros abordar este desembolso inicial.

—Capacitar ó profesorado e ó resto da comunidade educativa (inspección, persoal non docente...) para abordar a normalización lingüística do país.

—Garantir, mediante o proceso de adscripción do profesorado, a continuidade do ensino en galego.

—Modificar o catálogo de postos de traballo de xeito que permita que todo o profesorado integrante do equipo normalizador dispoña de tempo para o seu labor (non só os coordinadores/as senón tamén todos os membros).

—Realizar campañas de concienciación a prol da normalización lingüística.

—Realizar e subvencionar Encontros ou Xornadas de intercambio de experiencias.

—Potenciar a realización de materiais de apoio e libros de texto en lingua galega mediante a subvención ou liberación de equipos de profesoras/es.

—Cumplir a propia lexislación.

## Equipo normalizador de centro educativo

Equipo normalizador de centro. Funcións:

1. Fomentar a normalización lingüística da comunidade educativa.
2. Definir a situación inicial do alumnado de novo ingreso no centro dende o punto de vista idiomático, aplicando os materiais elaborados polo equipo normalizador nacional.
3. Elaborar o Plan de Normalización de Centro.
4. Seguimento, avaliación e establecemento de medidas correctoras do Plan de Normalización de Centro coa axuda dos equipos de bisbarra e nacional.
5. Determinar cales son os medios necesarios para o funcionamento do equipo. Elaborar os seus orzamentos.
6. Coordinar o labor normalizador dos diversos ciclos e departamentos.
7. Asesorar técnicamente á comunidade educativa e elaborar estratexias de actuación coa axuda dos equipos de bisbarra e nacional.
8. Fomentar a realización de materiais de apoio ó ensino en lingua galega. Potenciar a súa divulgación.

Medios:

O equipo de centro debe dispor, garantíndollo a Administración, dos medios legais, materiais e humanos necesarios que permitan a posta en práctica do Plan Normalizador e a súa continuidade.

Infraestructura:

—Local, material de oficina (armarios, mesas de reunión, cadeiras, arquitectos, estanterías), ofimática (terminal de ordenador conectado coa base de datos do equipo nacional, fax, impresora...).

Medios materiais:

- Material de escritorio (folios...).
- Biblioteca de consulta:
  - \* Lexislación.
  - \* Psicoloxía e Pedagogía.
  - \* Lingua.
  - \* Proceso normalizador.
  - \* Varios.
- Materiais de apoio para as distintas áreas.
- Ficheiros:
- Libros de biblioteca.
- Materiais de texto e apoio.
- Fichas de animación á lectura.
- Modelos de actas de Reunión e Libro de Actas.
- Orzamento específico para o funcionamento do equipo.
- Orzamento extraordinario para aqueles centros que aínda non normalizaron os seus impresos e carimbos ou envío dos mesmos xa normalizados.

Medios temporais:

- Reducción horaria para todos/as os/as integrantes do equipo.
- EXB:
  - Reducción horaria entre 2 e 4 horas lectivas semanas.
  - Recoñecemento do tempo invertido como pertencente á sexta hora aínda que por necesidade do servizo non se poida realizar no centro (reunións do equipo, con outros colectivos, cos equipos de bisbarra ou nacional...).
- EEMM:
  - Reducción horaria entre 1 e 3 horas lectivas semanais.
  - Exención de gardas e titoría.
  - Realización de cursos de formación e actualización obrigatorios en tempo laboral.

## de normalización: e funcións

—Realizar o seguimento do labor normalizador, avaliado e establecer os mecanismos correctores necesarios.

—Realizar o labor de coordinación entre a Administración e os equipos de normalización lingüística de centro, reclamar da Admón. os medios legais, materiais e humanos necesarios para levar a cabo o labor normalizador.

—Establecer estratexias de actuación.

Equipo normalizador a nivel de bisbarra.

O perfil deste equipo debería estar formado polos coordinadores/as dos equipos de centro da bisbarra que se reunirían, como mínimo, trimestralmente.

### Funcións

As súas funcións deberían ser:

- Coordinar o labor dos diversos equipos de centro no seu ámbito territorial.
- Organizar o maior número de plans de actuación a nivel de toda a bisbarra.
- Fomentar a creación e o intercambio de materiais e experiencias normalizadoras.
- Fomentar todo tipo de colaboración e coordinación entre os equipos de centro e a Administración Local (Deputación provincial e Concellos).



Os centros han de estar coordinados cas diputacións e cos concellos.

## TIRAS

O autor analiza en profundidade a viabilidade da xeralización dun curriculum aberto, e as súas consecuencias para o profesorado. O mesmo tempo formula a necesidade de que a Administración emprenda unha nova política de materias curriculares e de condicións que permitan a concreción curricular que se propón na Reforma Educativa.

## Curriculum aberto, ¿un reto posible?

□ XOSE RAMOS RODRIGUEZ (\*)

Un dos temas a debate na Reforma é a viabilidade de que o curriculum sexa aberto. E digo "viabilidade", posto que pouco se discute sobre a idoneidade no plano teórico.

O control do profesorado sobre o seu traballo, a significatividade, o respecto polas diferencias, a posibilidade dunha avaliación procesual e non finalista, son algunhas das razóns contundentes que fan desexable un curriculum aberto.

¿Cómo explicarnos daquela a alarma de moitos profesionais do ensino?

Creo que por dous motivos, fundamentalmente: o primeiro porque hai un certo sentimento de impotencia cando se saca a idea de que para concretar o curriculum aberto compre elaborar tódolos materiais de aula necesarios para o noso traballo; e o segundo polas condicións en que previsiblemente se dará esta concreción. Abordemos ambos motivos.


Cando nos ensinan exemplificacións de unidades didácticas, moitas subvencionadas, como ten que ser, polas Administracións educativas tiñamos a idea de que traballos así non son os que deberemos facer para concretar o curriculum na nosa aula.

Non reparamos que estes materiais teñen detrás moitas horas de traballo de equipos de profesores e profesoras, algúns con dedicación preferente a ese labor específico.

Debemos ser claros: adaptar o curriculum non significa necesariamente reescribilo cada un.

### Adaptar o curriculum

Adaptar ou concretar o curriculum quere decir elixir as actividades e materiais adecuados á nosa situación concreta. Quere dicir ter en conta os alumnos desta aula particular, o medio socioeconómico e cultural, o momento, os plans, esquemas e ideas de traballo que se levan no centro (que deberían estar concretados nun Proxecto Educativo de Centro -P.E.C.-), a organización do mesmo (reflexada no Regulamento de Réxime Interno -R.R.I.-), e a secuencia a desenvolvemento curricular que nos parece idóneo para o noso centro e a nosa área (a concretar nun Proxecto Curricular de Centro e de Área -P.C.C. e P.C.A.). Quere dicir que non sexamos os meros executores dunhas ordes dos libros de texto estandarizados. Pero non presupón de ningunha maneira que fagamos todo nós, e



As aulas non deben ser espazos intocables a crítica.

menos en solitario, cada curso a secuencia, estratexia e os materiais a empregar na aula. Isto sería imposible. E ninguén o pretende.

O anterior razoamento lévanos a pensar que se debemos elixir secuencia, estratexia, materiais, etc., deberemos dispor de alternativas onde elixir, e as condicións para facer a elección. Esta si é unha preocupación a ter en conta.

Faise imprescindible unha política de materiais da Administración, que hoxe se limita a "deixarnos escoller" cada catro anos un libro de texto. Esta nova política debe proporcionar:

• Exemplificacións, tanto das posibles secuenciacións, como

de unidades xa desenvolvidas.

• Medios (tempo, asesoramento, financiación, etc.), pra facer as súas propias concrecións curriculares, a aqueles que poidan e o desexen facer.

• Canles que faciliten o intercambio e difusión dos materiais de aula, incrementando as publicacións, os encontros entre o profesorado e lugares e medios para esta difusión. Os centros de profesores son idóneos para cumprir estas funcións.

Concretar o curriculum é posible. Pero o posible non se fai realidade sen o esforzo e o convencemento de todos, Administración e profesorado.

(\*) Vicesecretario de Nova Escola Galega. Grupo de A Coruña

### □ NOVAS

## Asamblea anual de Nova Escola Galega

Nova Escola Galega prepara a IX asamblea anual para o vindeiro 8 de febreiro en Santiago.

Prevéase que desperte interés entre os máis de catrocentos asociados, posto que se vai discutir o futuro da asociación para a próxima década, despois do importante papel desempeñado na renovación pedagóxica galega dende 1983, en que se fusionaran os nove grupos que compoñen o MRP.

## Festividade de Santo Tomás de Aquino

Hoxe, con motivo da festividade de Santo Tomás de Aquino, terá lugar, as 12 horas, na aula Magna do edificio das facultades do Campus de Ourense un acto académico presidido polo rector magnífico da Universidade, Luis Espaca Recarey.

O acto consistirá nunha conferencia a cargo do catedrático de Historia Moderna do departamento de Historia, Arte e Xeografía, profesor Xosé Manuel Pérez García, que versará sobre o tema "Sociedades rurais en la España del antiguo régimen".

El acto finalizará con la interpretación del "Gaudeamus Igitur".

## Chamamento para celebrar o "Día Escolar pola Paz"

Nova Escola Galega chama a todos los centros de ensino galegos a celebrar o "Día Escolar pola Paz", que se conmemorará a vindeiro día 30 deste mes de xaneiro, diante da apatía da Administración con respecto a un tema tan crucial na formación dos nenos e cidadáns.

Na Facultade de Humanidades de Campus de Orense está prevista a proxección da película "El imperio del sol", de Steven Spielberg. A proxección irá seguida dunha mesa redonda, a partir de las 17,30 horas.

### DOCUMENTACION

## Condicións para levar a cabo a concreción curricular

Hoxe hai probas de abondo de que gran parte do profesorado é quen ten que abordar esta tarefa, pero tamén o e que isto suporá un sobreesforzo imposible de xeralizar. E imprescindible que falemos das condicións que son necesarias para levar a cabo esta concreción curricular:

• Os horarios actuais son inservibles para facer unha reflexión serena e un traballo axeitado con respecto ao curriculum. Pensamos que ademís debemos desenvolver outras tarefas como a tutoría, a xestión do centro, a individualización e a integración -con evidentes repercusións curriculares-, a nosa formación permanente, etc... O horario lectivo (co alumnado) debe reducirse, facéndose precisa unha formalización maior do resto do horario laboral.

• A organización dos centros debe flexibilizarse potenciando a coordinación e a interdisciplinaridade, posibilitando o uso de tempos e actividades comúns, etc...

• A formación do profesorado debe encamiñarse a procurar cambios reais (non importa que sexan pequenos) nos centros, plasmados a ser posible no P.E.C.


• E tamén debemos ser conscientes da necesidade de cambios no propio profesorado, algúns que poden parecer elementais son moi difíciles de conseguir:

-Abrir as aulas. Que non sexas espazos inviolables, intocables á crítica.

-Abrirnos a outras opinións, concepcións, non pensar que só o coñecido é bo. Non parapetarnos en cómodos esquemas preconcebidos, senón estar abertos ás aportacións e ser capaces de facer as nosas sen complexos. Esta apertura non quere dicir aceptación sen máis, pois innovar tamén é saber cuestionar razoadamente as propostas de innovación.

-Non desbotar os cambios porque nos supoña esforzos, alonxamento da rutina, etc...

PELOURIÑA



Elaborado por:

## Nova Escola Galega

Coordenan este número:

Manuel Bragado  
Miguel Vázquez Freire  
Xosé Ramos Rodríguez

Humor:

Beatriz Sarria.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

